



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE XUÑO DE 2014**

### **LICENZAS**

**LIC/39/2014.- MARCOS PEREIRA SAAVEDRA.-** Conceder a licenza para legalización de obras de rehabilitación e proxecto de obras exteriores para o remate da vivenda unifamiliar no lugar de Ardagán nº 32.

**LIC/414/2014.- JESÚS ANGEL MATA ALLER.-** Aceptar a cesión presentada e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Campiña (da), 1.

**LIC/1179/2012.- JOSÉ DEL RIO GIGIREY.-** Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa de Mallou nº 7.

**LIC/1180/2012.- JOSÉ DEL RIO GIGIREY.-** Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en rúa de Mallou nº 7

**LIC/142/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Conceder a licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na Avda. Quiroga Palacios (de) nº 7.

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

LIC/757/2014.- MANUEL LATA MONTOIRO.- ..... LIC/2000/2008 .... 1.000 €.-

LIC/1556/2013.- SALESIANOS DE DON BOSCO DE SANTIAGO.- .....

LIC/2368/2009 ..... 4.000 €.-

LIC/777/2014.- JESÚS MALLOU NOYA.- ..... LIC/1148/2011 ..... 2.000 €.-

LIC/775/2014.- JESÚS MALLOU NOYA.- .... LIC/1148/2011 ..... 600 €.-

#### **4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible previa á aprobación definitiva da Conta de liquidación definitiva da Reparcelación do solo urbanizable programado número 6 (SUP-6).- Santa Marta.**

A proposta da Concelleira de Urbanismo aprobouse de forma definitiva a conta de liquidación deste polígono unha vez foron resoltas as alegacións presentadas pola Promotora Ibero Galaica e pola empresa FAPRAPE S.L. en relación ao reaxuste das cotas de liquidación definitiva.

#### **5 a 15.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

#### **16.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a rectificación acordo da Xunta de Goberno de 13.02.2014 relativa a expediente de beneficio fiscal no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Con esta proposta corríxese o erro detectado no acordo da XGL na que se concedía un beneficio fiscal sobre este imposto e na que non se incluíu a un dos herdeiros desta propiedade de natureza urbana que si se inclúe agora nesta proposta.

#### **17.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a rexeitamento recurso reposición IVTM.**

A XGL acordou rexeitar este recurso por non cumprir o interesado os requisitos que establece a ordenanza fiscal reguladora deste imposto.

#### **18.- Proposta da alcaldía relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.**

A XGL aprobou o abono das horas extras de disintintos servizos que se reparten da seguinte forma:

Administración: 2.885,18 €  
Bombeiros: 2.879,93 €  
Policía: 19.587,71 €  
Persoal laboral: 138,10 €

**19.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de substituto do director do contrato de sinalización horizontal e vertical.**

No ano 2010 a XGL designou o xefe da Sección de Circulación do Concello como director deste contrato de sinalización horizontal e vertical. Posto que non existía ningún nomeamento para casos de substitución, a XGL nomeou no día de hoxe a D. Constantino Campaña, Técnico de Tráfico, como substituto neste contrato cando o director do mesmo non poida realizar as súas funcións por causa dalgunha eventualidade.

**20.- Proposta da concelleira delegada da Área de Participación Cidadá para dar conta do aboamento do segundo prazo da subvención nominativa concedida para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche, durante o ano 2013.**

Deuse conta desta subvención para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche, durante o ano 2013 por un importe de 184.063,90 €.

**21.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ESCUDERÍA COMPOSTELA para o desenvolvemento do XXV RALI BOTAFUMEIRO.**

Deuse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ESCUDERÍA COMPOSTELA que leva unha achega do Concello de 10.000 €.

**22.- Dar conta da sinatura de convenios relativos a subvencións nominativas do ámbito cultural 2014.**

Deuse conta da sinatura de dous convenios de ámbito cultural, un coa Confraría da Vera Cruz que ten unha achega do Concello de 2.500 € e outro coa Federación de Libreiros de Galicia cunha achega municipal de 3.825 €.

**URXENCIAS**

**1.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.**

Aprobaronse facturas por varios conceptos (telefonía, gas, recambios, fotocopias e outros servizos) por valor de 626.356,90 €.

**2.- Prazos para a formalización da matrícula nos servizos de comedor e madrugadores na rede de centros públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2014-2015.**

A XGL aprobou os seguintes prazos para os servizos de comedor e madrugadores na rede de centros públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2014-2015, do 20 ao 30 de xuño de 2014 para a solicitude de comedor e madrugadores en Apóstolo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas. Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só o Servizo de madrugadores.

**3.- Aprobación convenios de colaboración. (Servizos Sociais)**

Aprobaronse os seguintes convenios de carácter social:

- Convenio coa Asociación de pais de persoas con trastorno de espectro autista da provincia de A Coruña ASPANAES, a achega do Concello é de 3.000 €.
- Convenio coa Asociación Galega de lupus Agal, a achega do Concello é de 2.000 €.
- Convenio coa Asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos dos enfermos mentais, a achega do Concello é de 3.500 €.
- Convenio coa Asociación Galega para a axuda os enfermos con demencia tipo alzheimer AGADEA, a achega do Concello é de 3.000 €.
- Convenio co Centro Cultural Social Juan XXIII, a achega do Concello é de 55.000 €.

**4.- Aprobación subvención nominativa Fundación Rosalía de Castro.**

Aprobouse iniciar o expediente para a concesión da subvención nominativa á Fundación Rosalía de Castro por un importe de 3.825 €.

**5.- Aprobación expediente contratación servizo de xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela.**

Iniciouse este expediente de contratación que conta cun importe de licitación de 7.000 € para o ano 2014 e de 5.000 € para o ano 2015.

**6.- Adxudicación das obras incluídas no proxecto modificado de mellora e acondicionamento de vial en O Castro (Bando), incluídas no POS 2013 da Deputación.**

A XGL aprobou a adxudicación das obras incluídas no proxecto modificado de mellora e acondicionamento de vial en O Castro (Bando), incluídas no POS 2013 da Deputación á empresa ANDUJAR S.L. por un importe de 29.317,74 € IVE incluído. A esta obra presentáronse 11 empresas e tiña un tipo de licitación de 33.667,82 € máis IVE.

**7.- Aprobación e publicación da convocatoria de axudas para a reforma de locais de negocio e a incorporación de maquinaria e equipos para a implantación de tecnoloxías da información e a comunicación; “Urbana Santiago Norte 2014).**

Aprobouse pola XGL a convocatoria de axudas para a reforma de locais de negocio e a incorporación de maquinaria e equipos para a implantación de tecnoloxías da información e a comunicación, Urbana Santiago Norte 2014. Este programa conta cunha liña orzamentaria para estas actuacións de 35.000 €.

**8.- Liberación de cantidade e reaxuste de anualidades 2014, 2015 e 2016 da licitación do servizo de conserxería e limpeza das instalacións dos centros de educación infantil e primaria do municipio de Santiago.**

A XGL aprobou liberar a cantidade de 344.068,48 € correspondentes aos meses de xaneiro a abril deste contrato de limpeza debido a que estaba destinado á empresa Ferrovial que aínda non se puido facer cargo do servizo polo recurso especial en material de contratación da empresa SERMASA. A suspensión que pesaba sobre esta adxudicación xa non se aplica polo que as novas cantidades anuais do coste do servizo son as seguintes:

2013: 239.227,60 €

2014: 1.032.205,44 €

2015: 792.977,8€

**9.- Prórroga e revisión de prezos do contrato de aluguer do local sito na Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6, para uso de oficinas municipais de Recadación.- D.Baldomero Brea Calviño.**

A XGL aprobou renovar o aluguer deste local e que é utilizado como ampliación das oficinas do Servizo de Recadación. Apróbase o alugueiro por un importe de 945,29 €/mes ata o 30 de xuño de 2015.

**10.- Dación de conta da concesión de subvención da Dirección xeral de formación e colocación para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, e da concesión de subvención.**

Deuse conta da concesión desta subvención para actividades de información e orientación na búsqueda de emprego por un importe de 18.333,33 €.

**12. Iniciación de procedemento, aprobación das bases reguladoras e convocatoria de bolsas de comedor escolar, para o curso 2014/2015.**

Aprobaronse estas bases para as bolsas comedor para educación infantil e primaria nas súas modalidades de asistencia e de conciliación para o que se disporá un orzamento de 87.500 €.

**13. Aprobación da liquidación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa “Transporte Mosquera, SL”. ANO 2013.**

Procedeuse pola XGL a aprobar a liquidación de forma provisional do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa “Transporte Mosquera, SL” do ano 2013 da que resulta unha compensación á empresa adxudicataria de 20.790,98 €.

**14. Aprobación da liquidación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa “TRALUSA”. ANO 2013.**

Procedeuse pola XGL a aprobar a liquidación de forma provisional do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa UTE Trapsa-Tralusa do ano 2013 da que resulta unha compensación á empresa adxudicataria de 20.790,98 €.

**15. Autorización cacharelas privadas, o 23.6.2014, e dar conta das celebradas en lugares públicos os días 21 e 23.**

Deuse conta a XGL da autorización das cacharelas públicas que se celebrarán o próximo luns e que suman un total de 62 cacharelas. Tamén se aprobou autorizar as cacharelas de titulariedade particular e que ascenden a 85 na cidade e a 120 no rural.

#### **16.- Aprobación novo prazo hortas urbanas.**

A XGL ven de aprobar á vista do informe do Xefe de Parques e Xardíns un nova prazo para a presentación de solicitudes de renovación das hortas urbanas, trámite que se poderá facer entre o 23 de xuño e o 7 de xullo.

#### **17 e 18.- Mellora condicións crédito ICO.**

Para a mellora destas condicións o Ministerio de Facenda require que o Concello se adhira á plataforma electrónica Emprende 3 e tamén a adhesión ao Punto Xeral de entrada de facturas da Administración Xeral do Estado.

Coa adhesión a estes dous programas o Concello consegue a mellora das condicións do crédito ICO o que permitirá a redución do interés do préstamo ICO do 5,939% ao 4,07% o que suporá un importante aforro para o Concello.

#### **19.-Penalización a unha empresa por unha obra.**

Neste caso a XGL aprobou penalizar coa cantidade de 1.092,68 € á empresa Construcciónes La Rosaleda por retraso na súa obriga de solicitar a prórroga correspondente para a execución do contrato de obra de renovación de firmes nas rúas Doutor Teixeiro, República Arxentina e San Pedro de Mezonzo.

#### **20.-Penalización a unha empresa por unha obra.**

Neste caso a XGL aprobou penalizar coa cantidade de 629,29 € á empresa Construcciónes La Rosaleda por retraso na súa obriga de solicitar a prórroga correspondente para a execución do contrato de obra de renovación de beirarrúas na rúa Santiago de Chile.

#### **21.-Aprobación addenda convenio praza de Abastos co Ministerio.**

Con esta addenda aprobada pola XGL a anualidade para 2014 para as obras da Praza de Abastos queda cun orzamento de 2.260.854,54 € distribuído da seguinte forma:

Mº Fomento: 1.345.802,53 €.

Consellería de Economía: 343.413,08 €.

Concello: 571.638,93 €.